

Enfoque de xénero e accións visibilizadoras no Museo do Pobo

Ana Estévez Lavandeira

DEAC Museo do Pobo Galego

O Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo desenvolve as súas funcións nun centro que, en palabras do que foi o seu director durante moitos anos, D. Antonio Fraguas, tería como obxectivo “o ser de Galiza”. Un “ser” que se atoparía nos costumes e valores da denominada sociedade tradicional, unha sociedade fundamentalmente campesiña e mariñeira que, no momento de constitución do Museo, estaba a cambiar rapidamente. Xunto a lingua e o territorio, estes trazos en vías de desaparición, son os que conformarían o feito diferencial galego, e o Museo, o lugar onde se preservarían e mostrarían.



Claustro do Convento San Domingos de Bonaval, se de do Museo do Pobo Galego

Foto Tino Viz. Arquivo Museo do Pobo Galego


Con estas premisas o Museo do Pobo Galego abre as súas primeiras salas en 1977, como un museo no que se conservan e divulgan formas culturais dun pobo con memoria colectiva e unha asunción consciente da identidade pero tamén en permanente transformación como sociedade. Neste sentido o Museo cumpre un papel altamente significativo na comunidade desde o seu estatus de contedor e salvagarda dunha parte esencial da identidade do país. Un papel condicionado pola evolución da sociedade na que está inserido e que o sostén pero tamén polos propios cambios que o concepto de patrimonio, e en concreto o de patrimonio etnográfico, veu sufrindo nas últimas décadas. Por este motivo a entidade museística non é un proxecto acabado senón que está en constante revisión, o que implica a renovación das liñas de investigación e de difusión. Así, e desde hai uns anos, véñense incorporando os aspectos referidos ao PCI

(Patrimonio Cultural Inmaterial) nas liñas de estudo do Museo, o que se traduciu na inauguración dunha nova sala, *Sociedade. Memoria e Tradición*, na constitución do Instituto das Identidades (IdI) ou no Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI). Este arquivo sonoro de libre acceso na rede ou o desenvolvemento de iniciativas como o Proxecto Didáctico Antonio Fraguas¹, procuran a incorporación e a participación activa da cidadanía na vida do Museo e son parte tamén da redefinición da entidade.



Sala Sociedade: memoria e tradición.
Foto Tino Viz. Arquivo Museo do Pobo Galego

Esta renovación tería que reflectirse tamén na exposición permanente deseñada na primeira época do Museo. Nela procurouse unha síntese da sociedade tradicional galega a través, fundamentalmente, de elementos da cultura material que eran o obxecto principal de estudo na etnografía daquel momento. Os obxectos, expostos cun carácter procesual e en función do sistema produtivo ao que pertencen, dispóñense como se estiveran nos obradoiros onde se producen ou utilizan. Quedan así asimilados a actividades económicas produtivas e situados nunha realidade espazotemporal indeterminada.



Sala de Oficios. Foto Tino Viz. Arquivo Museo do Pobo Galego

¹ O Proxecto Didáctico Antonio Fraguas promove a investigación sobre o patrimonio desde o colectivo escolar fomentando o traballo na súa contorna inmediata. Convócase cada dous anos e conta coas modalidades de ensino primario e secundario.

Desde o noso punto de vista este deseño posúe un gran valor didáctico pero a súa vez supón algún que outro desafío para o traballo de difusión e aproveitamento da colección que fai o DEAC. Un servizo que existe como tal desde o curso escolar 1997-98 e que desenvolve un traballo suxeito as reflexións propias da educación pero tamén ás características diversas da institución da que forma parte: titularidade, disciplina, ámbito de actuación, contidos, orzamento, etc. Hai moitas variables que condicionan o traballo en cada entidade museística e condicionan, claro está, as funcións e a maneira de desenvolvelas desde os departamentos de educación. Como xa comentamos, o Museo non é un proxecto pechado, rematado, senón que segue revisándose e transformándose como ocorre coa sociedade que o sustenta. Porén, os recursos económicos do Museo non permiten abordar todos os cambios que co tempo se fixeron necesarios, principalmente os que sería pertinente acometer sobre as salas máis antigas da exposición permanente. Pasaron xa 35 anos desde a apertura das primeiras e os obxectos convertidos en símbolos prestixiados dunha cultura transmiten un discurso sobre a mesma que se corresponde con outro momento, aquel en que esa activación patrimonial se fixo.

Coa ollada actual entendemos que unha das eivas da exposición permanente é o escaso protagonismo que na mesma teñen as mulleres. A investigación etnográfica tivo, no seu momento, un marcado enfoque androcéntrico. Desde esta perspectiva asignáronse presupostos da separación das esferas ao estudo do produtivo e do doméstico na sociedade tradicional. Presupostos provenientes do desenvolvemento doutro tipo de sociedade máis urbana e burguesa que relegou ás mulleres ao espazo do fogar e que as observou, fundamentalmente, desde o papel de nais e esposas. Deste xeito, as actividades produtivas presentadas como tal no Museo, son consideradas eminentemente masculinas.²

Co home como medida, a presenza protagonista das mulleres só se produce nalgúñas ocupacións recoñecidas tradicionalmente como femininas: redeiras, palilleiras ou

² Outros traballos sobre museos etnográficos reflicten isto tamén, por exemplo, Mariño Costales, M. Braña Rey, F. e Mouriño López, E. *Trama y urdimbre. Género y gestión patrimonial en Vilar de Santos*, pax.83

tecedeiras. O estudo das sociedades tradicionais a partir dos sistemas produtivos faise con esta mirada masculina na que nin sequera os traballos visibles das mulleres fóra do da casa se recollen como parte deses sistemas. É o caso das palilleiras ou das tecedeiras cuxa colocación dentro da montaxe deixa estas actividades nun limbo clasificatorio de carácter dubidoso entre os oficios e as actividades domésticas.

Outro elemento presente nas salas do Museo onde as mulleres adquiren presenza protagonista é no apartado dedicado á Indumentaria. O que ocorre é que nesta sala aparecen fundamentalmente como portadoras duns elementos téxtiles que tradicionalmente se consideraron parte do feito diferencial galego. Quedan así case agochados outros aspectos moi interesantes sobre os que a indumentaria pode subministrar información, incluídos aspectos relativos ao xénero como a subordinación ou as relacións de poder na estrutura social.³



Sala de Indumentaria

Foto Tino Viz. Arquivo Museo do Pobo Galego

Estas son as salas coas que o DEAC ten que contar para desenvolver o seu traballo. O Así que o que se decidiu foi non agochar senón integrar prácticas de traballo que fixen a mirada nas representacións proxectadas sobre o feminino e o masculino na exposición permanente do Museo.

Cando comezamos con esta estratexia, a nosa formación en enfoque de xénero na educación patrimonial era case nula. Descoñecíamos posibles experiencias en conxuntos

³ Neste sentido o traballo da responsable da Colección do Museo do Pobo Galego, Belén Sáenz-Chas Díaz, sobre a indumentaria e tamén sobre outros elementos de traballo como os espadeleiros teñen sido moi clarificadores e de moita axuda para o xiro cara a un enfoque de xénero sobre a colección do Museo.

ou museos etnográficos o que fai que entre as realizadas por nós até agora haxa varias con moitas eivas e resultados menos satisfactorios do que nos gustaría. Porén cremos que, cando menos, van abríndonos o camiño polo que queremos seguir transitando e van dando a volta a algúns puntos do discurso do Museo. Un discurso que tiña o risco de conferir aos contidos significados estereotipados e afastados da posibilidade de construír coñecemento crítico. Imos expor brevemente algunhas das que levamos desenvolvido nesta andadura.

Nun primeiro intento tomamos como contido principal o traballo en feminino na sociedade tradicional galega. Como xa dixemos, a presenza explícita nas salas de actividades realizadas polas mulleres é bastante limitada. Non obstante hai diversos elementos de ilustración nas salas nas que aparecen máis tarefas das que as mulleres son responsables ou das que tamén participan. A nosa proposta entón foi para as visitas guiadas dos grupos escolares de secundaria. Durante as mesmas íamos a aquelas referencias explícitas neste tema procurando visibilizar a esas mulleres cuxa realidade quedaba semiagochada no discurso expositivo.

Esta maneira de abordar as visitas tivo que ser revisada despois dun tempo. Fomos observando que este xeito de traballar marcaba unha importante distancia entre as persoas adolescentes e esas outras pertencentes a un mundo pasado e distante do delas.

R. Caamaño (Muxía, 1926)



Foto Ramón Caamaño. Arquivo Museo do Pobo Galego

A mera visibilización púñanos diante un vello problema, o da outredade. Ao deixar de afondar nos porqués da inequidade, rompíamos o que posiblemente tivera constituído o

vencello necesario entre a sociedade representada no Museo e o presente do alumnado.

Durante eses anos mantiñamos un convenio de colaboración con Ciencias da Educación para acoller alumnado en prácticas. O alumnado debía desenvolver un proxecto sobre o Museo no que estaba titorado e asesorado polo DEAC e por persoal docente da Facultade. Con dúas destas estudantes da licenciatura de Pedagogía, puxemos en marcha unha nova tentativa tamén para o ensino secundario. Insistimos no traballo en feminino cun itinerario no que incorporamos a lectura de textos breves de diferentes épocas incluída a presente, relativos ás relacións entre homes e mulleres. Buscábamos a identificación dos e das adolescentes coas súas propias relacións e comportamentos. Esta vez obtivemos mellores resultados e logramos introducir a reflexión desde o presente dos e das rapazas. Por outra banda este programa, inesperadamente, abriuse ao debate sobre os factores que condicionan a identidade das persoas.

A visibilización conta xa con bastante tradición e cremos que tamén cun gran calado entre as estratexias con enfoque de xénero motivo polo que o DEAC segue apostando pola mesma. Agora ben, na posta en marcha destas actividades, deixáramos de lado algo obvio: que tiñamos que modificar condutas e facernos conscientes do papel da linguaxe e do uso que nós facíamos do mesmo. Coidar que fora inclusiva e non sexista, tanto nas nosas intervencións durante as actividades como nos materiais que deseñamos. Non reproducir patróns de discriminación ou estigmatizantes. E contar con que unha selección crítica dos contidos podía supor, e de feito supón, cambiar textos, letras de cantigas, normas de xogos populares ou recitados do folclore infantil entre outros.

Precisamente isto tivo que facerse cos materiais usados para *Xogos Bailados* unha das propostas recentes dirixida ao alumnado de Infantil e Primeiro Ciclo de Primaria que parte dos contidos do apartado da infancia na sala de Sociedade do Museo.

Escollemos o xogo polo importante papel que ten na aprendizaxe e desenvolvemento das crianzas. Ademais, os xogos tradicionais son, en gran medida, xogos colectivos que ofrecen moitas posibilidades ás persoas de interactuar entre elas. Con todo, os xogos transmiten os roles da realidade na que xurdiron e algúns dos xogos máis acaídos para os nosos obxectivos- xogos con música, letra e coreografía- contan con algúns

elementos que fomentan actitudes pouco favorables para a participación en igualdade. Foi necesario revisar e modificar os textos das cantigas e eliminar destes xogos os comportamentos sexistas presentes nalgúns casos. O resultado foi unha proposta que incide na coeducación usando unha parte do grande e rico acervo do folclore infantil tradicional.⁴



Xogos Bailados. Arquivo Museo do Pobo Galego

Procurando unha perspectiva de xénero transversal fomos introducindo distintas estratexias con maior ou menor éxito. Unha das liñas de traballo do Museo nos últimos anos é a recuperación da oralidade, forma primordial das relacións sociais e básica na transmisión de coñecementos. Neste sentido o DEAC deseñou varias iniciativas ao redor da narración oral.

Contos Comprendidos, un programa dirixido a escolares de terceiro ciclo de primaria, conta coa colaboración de Celso Fernández Sanmartín, poeta e contador que tenta pór en valor a narración a través da oralidade.



Contos Comprendidos. Arquivo Museo do Pobo Galego

⁴ *Xogos Bailados* fai parte dun proxecto didáctico máis amplo sobre esta área do noso PCI coordinado pola educadora do Museo, Carme Campo Martínez, mestra de baile tradicional e con gran experiencia neste campo.


O traballo neste programa conta dunha soa sesión no Museo e outra no centro escolar. Durante a visita do alumnado ao centro museístico, o primeiro que fai Celso Fernández é guiar as rapazas e os rapaces na construción do seu propio relato oral. Traballa para isto a partir de anécdotas que lles ocorreran a elas e eles no seu contexto cotiá. Este xogo coas experiencias do alumnado participante implica emocionalmente e mantén o seu interese cando o que se expón é o relato dunha experiencia allea e relacionada coa sociedade representada no Museo.

Para a edición 2012/13 deste programa, ademais de coidar a linguaxe e as actitudes, decidimos traballar cos relatos da emigración escollendo a narración realizada por unha muller que marchara a Bos Aires. Con isto procuramos dúas cousas: unha primeira, cuestionar a idea, bastante interiorizada socialmente, sobre os suxeitos do fenómeno migratorio no primeiro terzo de século. Segundo a mesma, a persoa que emigra, polo xeral, está representada por un home novo que deixa todo atrás e as mulleres aparecen fundamentalmente como as “viúvas de vivos” ou as nais que envellecen soas na aldea. O relato seleccionado ademais, subministra informacións relevantes sobre as condicións e as dificultades nas que viaxou esa muller así como sobre as achegas e transformacións xurdidas da cultura á que emigrou. E isto lévanos á segunda cousa que procurabamos tocar que é a relación de continuidade coa realidade da inmigración actualmente. E finalmente, a narración remata dun xeito sorprendente coa intención de que a experiencia se preserve na memoria.⁵

Na procura de novas experiencias acordes coa atención que o Museo está a pór nos elementos inmateriais propuxemos o Café da Memoria. Baseado nas parolas de taberna e na proposta dos Cafés Científicos que durante o ano da Ciencia puxera en marcha a USC, iniciamos este novo formato co que pretendemos dotar de vida aos contidos do Museo. A proposta aproveita o feito de estaren aínda vivas as persoas portadoras dunha parte da memoria que o Museo alberga para facer unha actividade na que estas son as protagonistas dunha conversa da que o público pode participar, escoitando e intervindo.

⁵ Este programa foi escollido como exemplo, pola profesora Roser Calaf e Miguel Suárez, para a súa intervención no V Simposio Internacional de las Ciencias Sociales en el ámbito Iberoamericano: “Historia e Identidades Culturales”, celebrado na Universitat de Barcelona o 29 de maio e o 1 de xuño de 2013.

A organización do Café pretende que a experiencia sexa tamén interxeneracional buscando que asistan a eles persoas de diferentes idades.



Cartel *Café da Memoria: Gaiteiras*.

Ao facer a proposta quixemos usala tamén como medio para dotar ao feminino dun sentido de autoridade, para unha revalorización simbólica do que producen e crean as mulleres así que fixamos os temas a tratar nos Cafés nas formas de facer, de estar e de relacionarse das portadoras dese patrimonio aínda vivo. O primeiro Café da Memoria realizouse no Claustro do Museo en xullo de 2008. Propuxémoslle a unha asociación de mulleres maiores do ámbito urbano e a outro grupo do medio rural que parolaran sobre a súa mocidade. Silenciadas tradicionalmente, o feito de darlles voz protagonista foi unha satisfacción para moitas delas. E por suposto tamén para nós.

Por este programa que busca o relato dunha memoria que ademais é recente, foron pasando as experiencias en primeira persoa das mariñeiras ou gaiteiras en Cafés titulados dese xeito precisamente porque ao nomear reivindicase e normalízase a súa presenza tantas veces invisibilizada. Pero tamén organizando outros onde participaron os homes para indagar así nas relacións sociais entre os uns e as outras: o Entroido, o San Xoán ou os Titiriteiros foron algúns destes. Houbo dous Cafés da Memoria dedicados á maternidade. Intuíamos distintas realidades e diversas experiencias debaixo dun elemento clave na definición do rol e expectativas das mulleres. Considerado como un deber natural e consubstancial á feminidade, levado á mística no plano da identidade ao enxalzar a figura da nai como transmisora do que é esencial e xenuinamente galego⁶.

⁶ Isto está tratado xa por outros e outras investigadoras galegas desde finais dos 90. Véxase, por exemplo, Lourdes Méndez, *Identidade Galega e Identidade de Xénero*.



Café da Memoria. Arquivo Museo do Pobo Galego

A metodoloxía dos Cafés ten moitas limitacións xa que, aínda que se elabora un guión, a parola non é exactamente unha entrevista etnográfica estruturada. Porén, atendendo á subxectividade das mulleres e á singularidade das súas historias de vida, aproximámonos á complexidade das relacións sociais e os ámbitos onde xorden, se reproducen e cambian as cuestións de xénero. Facémolo procurando por énfase en dar recoñecemento ás protagonistas prestixiando as súas experiencias vitais.

O obxecto desta comunicación era expor unha mostra das iniciativas que desenvolvemos tentando aplicarlles un enfoque que consideramos unha ferramenta eficaz. Eficaz para cuestionar e cuestionarnos, para pór en valor o patrimonio cunha mirada integradora, para posibilitar espazos de experimentación de modos relacionais e de produción compartida do saber e para visibilizar non só as mulleres senón a outros suxeitos sociais excluídos das perspectivas patrimoniais convencionais. Temos en mente outras accións ao redor da memoria e das identidades de culturas exiliadas ou marxinadas no noso territorio pero que levan moito tempo aí como pode ser a cigana ou as xurdidas do fenómeno migratorio galego.

Rematando. Non sabemos se esta achega lle será útil a alguén. Queda patente no texto a de traballo que nos falta por facer. Non hai persoas expertas en xénero no cadro de persoal do DEAC e ás carencias consecuencia dunha formación insuficiente, súmanse a falta de recursos e de tempo. Por iso, entre outros motivos, queremos agradecer a posibilidade de participar nun foro como o que supón este Congreso.

Referencias Bibliográficas

CALAF, R. e SUÁREZ, M. “El Museo do Pobo Galego como exemplo de una museología y acción didáctica integradoras. Más allá de las interpretaciones colonial, patriótica y comunal de la identidad.” En *Historia e Identidades Culturales*. Actas do V Simposio Internacional de las Ciencias Sociales en el ámbito Iberoamericano [Barcelona 29 de maio -1 de xuño 2013] Universitat de Barcelona

COSTALES, M. BRAÑA, F. E MOURIÑO LÓPEZ, E. (1999) “Trama y urdimbre. Género y gestión patrimonial en Vilar de Santos.” en Actas do VIII Congreso de Antropología, Vol. 7, 1999, págs. 81-88. Universidade de Santiago de Compostela.

MÉNDEZ, L. (1999) “ Identidade Galega e Identidade de Xénero “ en *O feito Diferencial Galego na Antropoloxía* Vol. 1 pax. 119-130. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.

PEREIRO, X. e VILAR, M. (2002): “Autoimágenes y heteroimágenes en los museos etnográficos gallegos.” IX Congreso de Antropologia da Federação de Associações de Antropologia do Estado Espanhol, Barcelona, 7 de Setembro de 2002 en http://home.utad.pt/~xperez/ficheiros/publicacoes/museos_antropologia/Autoimagenes_Heteroimagenes_Museos_Etnograficos_Gallegos.pdf Acceso: 29 de setembro de 2013.

SAENZ-CHAS DÍAZ, B. “A Colección de Indumentaria do Museo do Pobo Galego” en Catálogo de *O diálogo creador. Deseño e tradición cultural . ESDEMGA (Estudos Superiores de Deseño e Moda de Galicia)*. No prelo.